boletín informativo da Asociación Cultural Evaristo de Sela

# s e l i ñ a



Nº 47 depósito legal VG-465-2016 2º semestre 2022

# 2 de xullo 1962—2 xullo 2022, sesenta anos dunha traxedia na parroquia de Sela que conmocionou a toda Galicia

## Tres mortos por emanación de gases nun pozo dos Eidos de Abaixo

Aquel día, celebración da festividade de Santa Isabel que se venera na parroquia con fé e emoción, prometía ser un día tranquilo, un día no que só se atenderían os traballos do mantemento da casa e dos animais domésticos. Despois de acudir á misa, os veciños tornarían as súas vivendas para descansar e celebrar cos seus un día de festa. Pero non foi así, pola tarde unha noticia correu como pólvora entre a veciñanza: *O Picapeixe, o Burro do Pan e o José do Maduro* morrían no pozo do Cortiñal mentras realizaban labouras de limpeza. A emanación dun motor de gasolina co que achicaban a auga para limpar o fondo provocoulles a morte, e non houbo máis mortes de casualidade. A desgraza converteu o día de festa nun día tráxico, que conmocionou non só a parroquia, se non a todo o concello.



# Editorial

## I

Aquel xoves, 2 de agosto de 1962, a veciñanza de Sela celebraba a festividade de Santa Isabel, que ainda que o seu día no Santoral é o 4, na nosa parroquia, por tradición, sempre se celebrou o segundo día do mes. O almanaque apunta a Santa Isabel de Portugal, a raiña, esposa de don Denís da que a lenda dí que peregrinaba a Compostela dende Coimbra cruzando o río en Madáns (Vide) para dirixirse a tumba do apostol e, que moi posiblemente dará lugar a outra lenda, a da "santa da cadeliña" que aparecía no medio das treboadas para alonxar os lóstregos da parroquia de Sela. Pois ben, nese día festivo, varios mozos e homes, parentes e amigos, decidiron que había que baixar ó pozo que un deles, da familia dos Manés pusuia no eido da casa labrega do Cortiñal. E alá foron baixando para limpar o fondo do pozo e conseguir que manara máis auga coa que servir a casa e regar a horta do eido.  Todo transcorreu con normalidade ata que pola tarde decidiron baixar un motor de gasolina para achicar a auga e poder traballar con máis tranquilidade. Non se decataron dos gases tóxicos que emanaba o motor e que polo seu pexo baixaban o fondo facendo subir o osíxeno para arriba, Canto máis funcionaba o motor, máis gases se acumulaban e foron adormecendo ó primeiro dos mozos que estaba abaixo. Como non respondía as chamadas dos de arriba, estes foron baixando de un en un para tentar ver que pasaba e tratar de axudar e así foron quedando tres no fondo do pozo intoxicados coas emanación dos gases. E non quedaron máis polo tino que amosaron os de fora ao darse conta de cal era o motivo por que non subían os que estaban abaixo.

A instrucción do suceso levoua a cabo o Xurgado do Partido Xudicial, daquela ubicado na Cañiza, e a Garda Civil do posto de Sela pasoulle o caso a Comandancia da Cañiza que foi a encargada de instruir o correspondente atestado e dar parte a autoridade xudicial para o leventamento dos cadáveres e o seu posterior enterro dous días despois. A repercusión do suceso foi inmediata entre a veciñanza e nos pobos veciños, chegando incluso ós medios de comunicación  que o publicaron na edición do 4 de xullo, dous días despois; daquela a profusión da noticia era mais lenta.

Un día triste para a historia da nosa parroquia na que tres veciños perderon a vida no mesmo suceso.

## II

Por outra banda, como vedes, este exemplar sae con vintecatro páxinas en vez das vinte habituais, excepto os derradeiros catro númerons que tan só contaban con catro para seren actualizalos por mor da pandemia na que a súa difusión quedou suspendida. Tamén a periodicidade cambia de trimestral a semestral; o escaso tempo dos editores así como a subida dos materiais e costos de materiais obrigan a reducir a periodicidade pero compensando o aumento do formato. E de esperar que os lectores o entendan. Quedamos agradecidos e esperamos que os contidos sexan do agrado de todos.



# O suceso nos medios de comunicación

Non foi ata o día 4 de xullo no que os medios de comunicación escrito deron noticia do tráxico suceso. Xa pasaran dous días, e a noticia é tratada con maior cobertura desde o *Faro de Vigo* que a publica en portada cun sexto de páxina, sendo a de máis extensión das que a conforman nese día; ademáis continua o relato na páxina 2. En canto os demais medios da época, *Diario de Pontevedra, El Progreso de Lugo, El Pueblo Gallego* e *La Voa de Galicia* adican en páxinas interiores de forma moi escueta a noticia.

En canto o *Faro,* desplaza a Sela a Gerardo González Martín, periodista que co tempo se convertiría nun icono de periodismo local e que daquela acababa de chegar a Vigo, recen rematada a carreira, e, con 20 anos acabados de cumprir sendo este un dos primeiros traballos que lle encarga a dirección do periódico. Acompañao o fotógrafo Gabriel, que toma instantáneas do pozo e dos familiares dos falecidos.

No día seguinte, 5 de xullo, de novo o *Faro de Vigo* da noticia en páxinas interiores do terribel suceso e entrevista a veciños e testigos, así como a familiares das victimas que dan conta do sucedido. Volta a ser Gerardo Gonzáelz Martín o encargado de contar polo miudo o caso, ainda que xa en páxinas centrais do xornal. Nos seguintes días os meidos de comunicación deixan de informar sobre o suceso pois xa non queda moito que contar, pois o atestado é efectuado polo Cuartel da Garda Civil da Cañiza que efectua as pesquisas e instruie o parte o xuzgado da mesma localidade.

Sela (municipio de Arbo)

## TRES HOMBRES ASFIXIADOS CUANDO LIMPIABAN UN POZO CON UN MOTOR DE GASOLINA

### Otros tres, heridos de consideración al intentar auxiliar a las víctimas

De la forma más absurda cuando nadie podía esperar que sucediera un hecho de estas características, la muerte ha llegado a la parroquia de Sela, en el municipio de Arbo, llevándose para sí a dos hombres jóvenes y a otro que apenas era un muchacho, jugando al mismo tiempo con otra media docena que, entre la heroicidad y el terror, quisieron arrancar de sus brazos a aquellos familiares de unos, amigos de otros...

Cuando llegamos a Sela, por la carretera de Las Nieves, el Juez que entiende en el caso, el comandante de puesto de la Guardia Civil y otro grupo de personas, son los primeros en atendernos.

Muy cerca, en el cementerio del lugar, se entierra a Ignacio Lago Rodríguez, de 34 años; Manuel Pedrosa Durán, de 33 y José Dacasa Rodríguez, de 14 años. Luis Lima Lago, otro de los jóvenes —veinte años— que fueron protagonistas del triste accidente, acompaña a los cadáveres, con su mano derecha vendada, con todo el cuerpo herido todavía.

Nos van proporcionando la primera información del suceso.

—Parece ser que Ignacio Lago bajó a un pozo existente en la finca propiedad de sus padres, con el fin de limpiarle para conseguir agua en buenas condiciones. Llevaba con él un pequeño motor de gasolina. Su hermano Manuel —que se encuentra en el Sanatorio Troncoso de Vigo— estaba arriba y al oir los gritos de auxilio de Ignacio, acudió a socorrerle...

Son varios los vecinos de Sela que intervienen en la narración, que va adquiriendo por momentos mayor dramatismo.

—José, el chiquillo de catorce años, primo de Ignacio y Manuel, debió oir los gritos y bajó también al pozo. El motor de gasolina estaba produciendo unos gases que asfixiaban a los que se encontraban dentro.

Luego fué un hermano del muchacho muerto, Manuel Dacasa Rodríguez, quien se lanzó a auxiliar a José y a sus primos. Y José Groba, y Lorenzo Carballo... La lista de héroes que, seguros de que se encontraban cerca de la muerte que de la vida en aquel lugar, se arriesgaron por salvar a los que en el pozo se hallaban, es amplia. Todo aquel que pasaba cerca de la finca escenario del drama, prestó su ayuda incondicional.

Varios vecinos nos llevan hasta allí donde los tres hombres perdieron la vida. El pozo tiene unos seis metros de profundidad,

(PASA A LA PAGINA DOS)



Gabriel captó así la escena de dolor en torno al pozo. Veinticuatro horas después de ocurrido el hecho, los familiares de las victimas reviven el momento del suceso.



señanza. otros.

## Sela (municipio de Arbo:

# TRES HOMBRES ASFIXIADOS

y el agua cubre hasta una altura de metro y medio aproximadamente. La boca del mismo tiene unas dimensiones de sesenta por sesenta centímetros; quizá su estrechez colaborase en la desgracia. A unos metros, el motor de gasolina, que tanta importancia tuvo en la tragedia.

Pasan unos minutos de las seis de la tarde. Hace justamente veinticuatro horas que este mismo lugar era punto de reunión de casi toda la parroquia. Una lucha tenaz para salvar a aquéllos que se hallaban en el interior del pozo.

Luis Lima Lago, el muchacho de veinte años que salvó la vida, acude junto a nosotros.

**—Era esta misma hora cuando yo pasaba a unos metros de aquí y oí gritos de auxilio. Mucha gente se agalopaba en torno al pozo. Acudí enseguida y, al enterarme de lo que pasaba, bajé a pulso al fondo, con el fin de rescatar a quien pudiera.**

Un andamio, dentro del pozo, impedía el rescate. Luis izó el motor de gasolina y el referido andamio, mientras empezaba a sentir síntomas de arfixia.

**—Allí abajo nadie se movía; parecía como si todos estuvieran muertos. Yo inicié de nuevo el ascenso y, cuando estaba a punto de llegar a la superficie, sentí que me desmayaba.**

Varios testigos del suceso colaboraron en la extracción de los cuerpos de los heridos, evitando un hecho mucho más dramático todavía, ya que no fueron sólo los tres labradores fallecidos y los otros tres que se encuentran lesionados —dos de éllos de consideración— los que sufrieron el riesgo, sino que todos aquéllos que intentaban auxiliarles empezaban a sentirse afectados por los gases que producía aquel pequeño motor de gasolina dedicado normalmente al riego de una finca próxima.

Ahora, a veinticuatro horas de la tragedia, los familiares de las víctimas, sus amigos, un buen número de curiosos, se agolpan de nuevo en torno al pozo, reviviendo la escena de la que, tristemente, han desaparecido tres de sus protagonistas.

**Enviados especiales:**
***Texto:***
**GONZALEZ MARTIN**
***Fotos:***
**GABRIEL**

bién insinuó feliz colaboración a la Asociación de la Prensa de Vigo.


BOMBAS



B-42

WORTHINGTON
MONOBLOC
MAXIMO RENDIMIENTO
SERVICIO SEGURO

FABRICA Y OFICINAS TECNICAS
MADRID - EMBAJADORES, 178
BARCELONA - Av. J. ANTONIO, 533
VALENCIA - JORGE JUAN, 8

FABRICADAS EN ESPAÑA




**La madre de Ignacio Lago Rodríguez, fallecido en el trágico suceso, y de Manuel, herido de consideración en el mismo, en la finca donde perdió la vida su hijo.**





**Luis Lima Lago, superviviente de la tragedia, junto al pozo donde pudo perder la vida al intentar auxiliar a sus convecinos.**